

GUÍA DE PRÉSTAMO

Para obter documentos en préstamo das Bibliotecas da Universidade da Coruña (BUDC), é necesario dispor da **TARXETA DE USUARIO**. O servizo de préstamo é único para toda a UDC e funciona ininterrompidamente en **horario de 08.30 a 21.30 horas**.

O número de documentos que se poden ter en préstamo simultaneamente varía segundo o **tipo de usuario**.

Tipos de usuarios	Número de documentos	Duración: días
<p>GRUPO I</p> <p>Estudantes de grao de centros propios e adscritos</p> <p>Estudantes de 1º. e 2º. ciclo a extinguir</p> <p>Estudantes da Universidade SENIOR</p> <p>Persoal de administración e servizos (PAS)</p>	6	10 días naturais
<p>GRUPO II*</p> <p>Estudantes de doutoramento</p>	25	21 días naturais
<p>GRUPO III</p> <p>Estudantes de másteres</p> <p>Proxectos fin de grao, fin de carreira</p>	10	21 días naturais
<p>GRUPO IV</p> <p>Persoal docente e investigador da UDC, institutos universitarios e centros adscritos</p> <p>Profesores visitantes</p>	100	Préstamo por curso académico coa limitación de exemplares establecida. Cada biblioteca poderá excluír deste tipo de préstamo documentos por razóns de uso ou dispoñibilidade. Se outro usuario solicita algún documento do préstamo permanente, háselle poder prestar nun prazo de 4 días. Finalizado o período de préstamo do outro usuario, o documento será enviado de novo ao PDI, se este así o pide.
<p>GRUPO V</p> <p>Bolseiros de investigación e investigadores contratados</p>	25	Préstamo por curso académico coa limitación de exemplares establecida. Cada biblioteca poderá excluír deste tipo de préstamo documentos por razóns de uso ou

		dispoñibilidade. Se outro usuario solicita algún documento do préstamo permanente, háelle poder prestar nun prazo de 4 días. Finalizado o período de préstamo do outro usuario, o documento será enviado de novo ao PDI, se este así o pide.
GRUPO VI		
Usuarios autorizados	3	10 días naturais

*Reforma aprobada pola Comisión de Biblioteca Universitaria do 24 de abril de 2012

PRÉSTAMOS ESPECIAIS

Usuarios	Préstamo restrinxido de fin de semana e festivos
Todos	Permite dispoñer dalgúns dos documentos excluídos do préstamo habitual. O préstamo abranguerá desde o venres, ou día antes do festivo, ata o luns ou día seguinte do festivo.
Usuarios	Préstamo especial en períodos de vacacións
Grupo I	Préstamo verán: 21 días. Nadal e Semana Santa: axustado ao período non lectivo.
Usuarios	Bibliografía recomendada
Todos	Poderáanse establecer días de préstamo diferente, pódense limitar as renovacións e reservas.
Usuarios	Préstamo BIC (biblioteca de interese cultural)
Todos	30 días

TARXETA DE PRÉSTAMO

Toda a comunidade universitaria dispón dunha tarxeta de identificación da Universidade da Coruña (TIU) que serve como tarxeta de préstamo.

No caso de perda, comuníqueo ao persoal da biblioteca. Pode solicitala de novo na Oficina Universitaria (tel. 981 296 387 ou ext. 2359). Se tivese o Servizo 4B Maestro, cancélea en calquera oficina do Banco Santander ou no tel. 902 242 424.

RESERVAS

Os documentos que se atopen prestados poden ser reservados por calquera usuario. Para solicitar a reserva dun exemplar, entre en [‘O meu rexistro’](#) ou diríxase ao persoal da súa biblioteca. As reservas caducan 48 horas despois de ser recibidas na Biblioteca e de que o usuario sexa avisado a través do seu correo electrónico.

Pódense facer tantas reservas como exemplares se podan sacar en préstamo.

RENOVACIÓNS

Pódese renovar o período de préstamo de todos os documentos sempre que outro usuario non os solicite. A renovación pode facerse na páxina web do Servizo de Biblioteca Universitaria a través de '[O meu rexistro](#)', por teléfono ou nas propias bibliotecas. Contabilízase a data de renovación a partir do día no que se solicita esta.

PRÉSTAMO INTERCENTROS

Os usuarios, a través da súa biblioteca, poderán solicitar en préstamo os fondos doutras bibliotecas da UDC sen necesidade de desprazarse. As condicións do préstamo intercentros serán as mesmas que as do préstamo a domicilio.

Para máis información acuda ao persoal da biblioteca.

DEVOLUCIÓNS E SUSPENSÍONS DO PRÉSTAMO

Segundo as normas de préstamo, os libros deben ser devoltos dentro da data límite, sempre que non se fixese unha renovación. Desta forma poderá garantirse o bo funcionamento deste servizo en beneficio dos propios usuarios.

O incumprimento reiterado das devolucións, suporá unha suspensión temporal do servizo de préstamo. Sancionárase aos usuarios por igual número de días de retraso e por cada obra que teñan en préstamo sen devolver (o atraso na devolución xenera 1 punto negativo por cada libro e día de retraso. Os puntos funcionan en bloques de 10, de modo que ao sumar 10 será excluído do préstamo por 10 días).

Segundo o punto 5.3. das Normas de préstamo do Servizo de Biblioteca da UDC: "En caso de perda ou deterioro o usuario deberá restituír a obra prestada por outro exemplar da mesma edición. Se a obra está esgotada terá que adquirir e entregarlle á biblioteca outra de características similares. Mentres non se restituía a obra, o usuario quedará excluído do servizo de préstamo."

COMO SABER QUE LIBROS TEÑO EN PRÉSTAMO?

Desde a páxina web da Biblioteca Universitaria <http://www.udc.gal/biblioteca>, pinchando en 'O meu rexistro' e cubrindo os seus datos, pode consultar cantos exemplares ten en préstamo e cal é a data na que ten que devolverlos. A Biblioteca Universitaria garante a confidencialidade dos datos de préstamo. A tal fin establécese unha contrasinal para a obtención destes datos. Se non lembra este PIN, que é o mesmo da tarxeta universitaria, pódese recuperar accedendo á conta da UDC en <http://servizos.udc.es>.

CENTROS E EXTENSIÓNS DE TELÉFONO

Tel. para os campus da Coruña: 981 167 000

Tel. para os campus de Ferrol: 981 337 400

BIBLIOTECAS DOS CAMPUS DA CORUÑA:

BIBLIOTECA	EXTENSIÓN
Biblioteca Universitaria de Oza (CC. da Saúde)	5818
Escola Técnica Superior de Arquitectura	5001
Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	1460
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	4279
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	2769
Facultade de Ciencias	2059
Facultade de Ciencias da Educación	4643
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	4063
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	2471
Facultade de Dereito	1515
Facultade de Filoloxía	1712
Facultade de Informática	1288
Facultade de Socioloxía e Ciencias da Comunicación	4815
Servizo de Biblioteca Universitaria	5674

BIBLIOTECAS DOS CAMPUS DE FERROL:

BIBLIOTECA	EXTENSIÓN
Casa do Patín (CC. Saúde, Deseño Ind., Documentación, Humanidades)	3603
Escola Politécnica Superior	3332
Escola Universitaria Politécnica	3044